CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 1)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 04/10/2022
HASH: 7339be5fa00bca60e21575bd565d9391

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA OPTAR A IMPARTICIÓN DA ESPECIALIDADE DE LINGUAXE MUSICAL NA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEAÑO, CURSO 2022/2023

1. **Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de aspirantes para a impartición da **especialidade de Linguaxe Musical** na Escola de Música Municipal de Meaño.

A fin de continuar co normal funcionamento da Escola de Música, dado o elevado número de alumnos matriculados na especialidade de Linguaxe Musical, **coa publicación deste anuncio ábrese o prazo de presentación de instancias para optar á impartición de dita especialidade durante o curso 2022/2023.**

2. **Requisitos dos aspirantes.**

Poderán optar a impartición da especialidade de Linguaxe Musical, os/as mestres contratados polo Concello de Meaño ao abeiro da Resolución de data 4 de outubro de 2022

Deberán ter dispoñibilidade horaria para a impartición das clases de Linguaxe Musical,(dous grupos, catro horas semanais) ademáis das clases que actualmente teñen asignadas, sin prexuízo de poder adaptar algún dos horarios sin incidir no normal funcionamento da Escola de Música.

3. **Criterios de selección.**

De haber máis dun/a candidato/a que opte a impartición desta especialidade, a selección recaerá sobre o/a candidato/a que teña a puntuación máis alta con arreglo á puntuación final obtida, ó abeiro da base sétima da bolsa de traballo aprobada por Resolución de Alcaldía de data 2 de setembro de 2022.

4. **Presentación de instancias e prazo.**

Os/as interesados/as en participar nesta convocatoria deberán de presentar, no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, instancia de participación, dirixida a Alcaldía.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 6 de outubro de 2022 ás 10:00 horas.

5. **Publicidade desta convocatoria.**

Este anuncio darase a coñecer entre todos os mestres da Escola de Música do Concello de Meaño e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño.

En Meaño, O Alcalde D. Carlos Viéitez Fernández.

Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 9X62SCR5CC3MYW2KYYZW6YLJD | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 1